


Consello de Galiza



Boletín Oficial Informativo

"Canto máis pensamos no porvir da nosa Terra, máis nos convencemos da necesidade urxente de unirmos tódolos galegos de boa vontade". CASTELAO

Bos Aires, Agosto 1963

Redacción: Belgrano 2186

GALIZA SERA SEMPRE GALIZA

Cando por distinto vieiros chégaron a Bos Aires, as novas tocantes o plan centralista de someter ás provincias de Ourense e Lugo á reitoría económica de Valladolid, as entidades representativas da nosa coleiividade, sempre atentas a toda patriótica inquedaanza, dispuxeronse a encetar unha enérxica xeira de protestas en contra de tan absurda e trabucada medida.

Logo da xuntanza celebrada a tal efecto, e por acordo xeral, encargáronse ó "Consello de Galiza" a dirección das xestións encamiñadas a tal finalidade. Mais entendendo as autoridades do "Consello", que a eficacia de todo aito de protesta, está en razón directa coa seriedade con que sexa encarado, i-en virtude da confusión contradictoria das noticias con que se contaba, púxéronse de contado en comunicación con persoeiros de Galiza, de Madrid, e de Paris, pra certificar si, o "Polo de Desenvolvemento Económico" que tería de dividir ó noso País en dous sectores, podía ou non levarse a cabo. De tal xeito, hoxe estamos en condicións de informarlle á nosa coleiividade, que Galiza non será dividida como se pensaba; xa que, o "sesudo" proieto orixinal, xurdido da "Comisaría del Plan de Desarrollo" a pesares de contar — de acordo os nosos informes — con dúcias de "Comisiones" e milleiros de "Especialistas", xa non terá de se por en marcha, posto que as mesmas autoridades falanxistas considéranlo absurdo e falto de senso da realidade.

De acordo o "Plan" devandito, Hespaña sería dividida en dous sectores económicos, formados polas provincias do norte, Cataluña, Valencia e Madrid, e as que se lles engadían as provincias

da Cruña, Pontevedra e Badajoz (co seu propio plan en marcha) que parés ser que xa teñen superadas todas as aspiracións. Parellamente, o resto das provincias, serían eistructuradas en certo xeito, en rexións naturais, mais, á rexión do noroeste, con polo de desenvolvemento en Valladolid, seríanlle engadidas as provincias galegas de Ourense e Lugo.

Agora — de acordo a nova ordeación — á zona do noroeste engádeselle a provincia de Cáceres e sonlle desglosadas as de Lugo e Ourense, as que, xunto coas restantes da Cruña e Pontevedra, ficaran comprendidas na "Rexión Económica de Galiza", de acordo as características xeográficas, sociais, etc., do País galego.

Dende logo, que nos non creemos nin pouco nin moito que toda a ampulosa planificación que nos ocupa, sexa trocada en realidade, posto que nos coñecemos por esperiencia a manía dos organismos do Estado centralista, de aprobar proietos e mais proietos que endexamais se levan a práctica, o que ademais, na medida en que se concretaran en realidades, restaríanlle vixencia a toda a estrutura económica, filosófica, política etc. do Estado devandito xa que non existe ningunha posibilidade de real e axeitado arrequeamento da economía galega, si a mesma non é planificada na mesma Galiza, afincándose nas particulares realidades ambientais e contando ademais, coa activa participación do elemento produtor, i-esto — apesares das candidas esperanzas de certos sectores da opinión de Galiza — resulta enteiramente imposible baixo as atuais circunstancias que vive a nosa Terra.

NOTAS

A Su Excelencia,
o Señor Presidente da
República de Portugal.
Lisboa.

Eisecelentísimo señor:

O Consello de Galiza, atento a un fondo sentimento de humanidade e sensible a todo doer humano; lexos de toda consideración partidista e por enriba de todo pensamento político; amparado tansío n-un universal prencípio de xusticia, aínda tanto ou mais respetable que a friaxe das escritas leises, ten o outo honor de dirixirse a Vosa Eisecelencia pedindo cremancia para a gran patriota portuxesa María Loisa Costa Díaz, doente i en perigró de morte; co ouxeto de que axiña se lle conceda a liberdade e elle sea permitido saír do país que tanto ama, pese ás diferencias de criterio filosófico que poidan situar a na outra banda fronte os desíños do seu Goberno.

Pregámoslle ista gracia, Eisecelencia, guiados por un nobre sentimento de solidaridade e sin ningunha apreciación que fuxa dese marco emocional e de respecto pola vida i a liberdade d-un semellante perseguido por mor das súas ideais anque ilas sexan adversas.

Agardando se diñe tomar en consideración noso angustiado prego, lle enviamos o testemuño da nosa meirande consideración e respecto.

Sr. Presidente do
Centro Galego de Bós Aires,
Don Xosé Villamarín Prieto.
S/D.

Da nosa meirande estimanza:

Iste Consello de Galiza resolviu por unanimidade na derradeira xuntanza, dirixirse a isa estimada entidade para enviarlle a mais cordial i entusiasta felicitación, polos aitos que vostedes reaizaron en acasión das Xornadas Xacobeas, coñecidas como "Semana Gallega", e que chegan ó cumio no Día de Galicia.

Isa acción cultural e patriótica, que tanto eisalta e diñifica o sagro nome da Terra, e de xeito indudabel afirma a persoalidade do noso povo, adquire categoría dabondo para o maior e mais sincero recoñecemento diste Consello; é por iso que cumprimos moi doadamente coa obriga de o por de reléu, e de sinalalo como unha laboura exemplar.

Ao mesmo tempo, e soamentes tendo en conta as inqedanzas i os sentimentos comúns que nos avencellan no ideial democrático e patriótico, nos astrevemos a lles suxerir amablemente que, en anos Vindeiros, isa orgaización da "Semana Gallega" podería facerse coleiivamente con aitos de meirande siñificación, anque tales aitos foran menos en cantidade aritmética; pois é Vox-pópuli que disa sorte a concurencia, sería moito mais numerosa, i a importancia d-aquiles aitos, nin que decir tén, infindamente meirande.

E si tal aspiración non fora posibel, debido a que cada coal estima de maior intrés reaizar en particular os seus propios aitos, sería de desexar que, polo menos, sepercure que ises aitos non estiveran superpostos; é decir, que non se reaizáran en ningún caso, dous ou mais ao mesmo tempo. i a fonda sensibilidade disa estimada entidade ha de saber interpretar —no seu cabal sentido— ista sempre suxerencia, aprobeitamos a acasión para saudalos co apreco i a cordialidade de sempre.

AICIONS DO CONSELLO

O "Consello de Galiza", que fundara Castelao na cidade de Montevideo, pra encher a necesidade que tiña o noso país de contar con un orgaismo representativo da derradeira vontade democrática do noso povo non é, como algunha xente pensa unha entidade mais que ten de facer tales e cales cousas pra lle dar contido a xustificar a súa existencia.

O "Consello de Galiza" pola natureza das funcións que ten de desenrolar eminentemente políticas e patrióticas non pode moitas vegadas facer cosocer en detalle as actividades que leva a cabo por razóns que doadamente se teñen de comprender, mais, non por elo os seus enteirantes deixan de atuar en procura de lograr proveitosos resultados no patriótico quefacer que move a sua acción, proba delo, é que se atopa presente en todo quefacer político dos círculos exilados, particularmente en París; onde atua como delegado, co ntoda eficacia e dinamismo, D. Cesar Alvarajar Diéguez. Do mesmo xeito, o "Consello" está en permanente contaito con xentes de Galiza e do resto da península, contando con delegacións en México e Nova York, e atopándose en visporas de se orgaizar as de Caracas, Montevideo e Río de Xaneiro.

A COLEITIVIDADE CELEBROU A DATA DO PLEBISCITO

Con un gran aito orgaizado, pola Comisión Intersocietaria de Entidades Galegas celebrouse o día 28 do derradsiro mes de Xuño no salón de Chacabuco 955, o 27 cabodano do Plebiscito de Estatuto de Galiza perante un público numeroso i entusiasta.

Pra se referir o significado da histórica data que se estaba a lembrar, fixeron uso da Verba o Sr. Alberto Portas e o Sr. Núñez Bua, os que logo de estudar o proceso histórico que dou orixen a carta autonómica de Galiza e o Plebiscito cáseque unánime que a tiña de aprobar, analizaron os motivos do fracaso da dictadura que aferrolla o noso país e o millor xeito de lles atopar arranxo os moitos problemas que a mesma trouxo aparelada concluindo ambas exposicións —que foron longamente aplaudidas— siñalando que o único Vieiro pra lles atopar solución os grandes males que padece o noso país e por meio da implantación dunha república de amplo contido federal, que permita o doado desenrolo dos países que compoñen o conxunto ibérico.

De tal xeito a nosa coleiividade, como Ven facendo todos os anos, reafirmou unha vegada mais os seus ideais democráticos e patrióticos.

IRMANS:

Non facemos distingos en canto a tiduos ou riquezas, sinón o que compre a quen traballa con abnegación e con fe, polo ben i a liberdade da Patria; ós que lles adicamos o noso máis fondo recoñecemento.

DIA DE GALIZA

Na ocasión de celebración dun novo DIA DE GALIZA, data tan garinosa ó sentimento poético e lexendario do pobo galego, o CONSELLO DE GALIZA proclama a súa fé inquebrantabel nos grandes destinos da Patria e convoca a unión a todos os galegos que, en calquer lugar da terra, anxeian e loitan por a liberdade e a felicidade do noso povo.

Ista proclama leva implícitos, un afervoado mensaxe de esperanza, a afirmación categórica dos nosos ideais e o desexo ardente de ollar a nosa Terra gozando dun réximen de Paz, de Liberdade e de Xusticia, tal como nistes intres o percuran os homes máis insiñes do mundo, os máis altos diñatarios de todas as relixións e os máis ilustres varóns das diversas concepcións filosóficas. Arelamos un ha Patria sin presos políticos e sin que os nosos irmaus sexan perseguidos pola nobre condición de opinar e de pensar aínda que istos sexan adversos a os de quen detentan o poder.

Ao formular esta declaración en tan sagra data pra nós, chamamos a atención de todos os homes e os povos libres, íen especial dirixímonos ás Nacións Unidas, pra que sumen a súa voce persuasiva a noso clamor, á par que enviemos o saúdo máis garimoso e fraterno, a todos os galegos do mundo.

O Consello De Galiza Celebrou o Centenario dos Xogos Froroes

No casal do Centro Galego, parellamente co aito que en homenaxe a Rosalía de Castro se celebra todo los anos nas xornadas galegas, levouse a cabo o día 27 de Xulio, o descubrimento dunha placa en lembranza do centenario dos xogos froroes galegos, ofrecida polo "Consello de Galiza".

Pra se referir o significado daquela histórica data e a gravitación que tivo no despertar da conciencia do noso País, o Conselleiro Dr. Alberto Vilanova, pronunciou unha brillante Alocución patriótica que foi entusiastamente celebrada pola numerosa e calificada concurrencia. Reseñou o orador con verba clara e precisa que demostraba, un doado coñecemento do tema, como se foi xestando a organización dos xogos froroes do 1861, destacando o xeneroso mecenazgo daquel gran patriota que foi López Cortón, cuia modestia sinalou como un exemplo que debe ser imitado. Fixo unha reseña dos aconteceres literarios que se foron sucedendo en Galiza logo do certamen que se estaba lembrando, e o se referir á personalidades de Rosalía, puxo de releu a proveitosa influencia que na súa obra tivo o consello do seu home don Manuel Murguía. Con voce acesa de patriótica emoción, calificou con dureza os turistas ó uso que nos veñen falando dunha Galiza recuperada, cando a tristeira realidade amosra que a nosa Terra sigue sendo unha fábrica de emigrantes que fornece de brazos ás cidades dos países progresistas de toda Europa, moito máis afortunados que a noso, e rematou o seu discurso polo que recibeu numerosas felicitacións— facendo votos por unha Galiza libre, farturanta e xusta.

Aseguido, usou da verba o Dr. Quintela NoVoá, quen fixo unha eixaltación da personalidade de Rosalía pomdo de releu os moitos valimentos de que sempre se adovinou a muller galega, destacando a obra humanista e literaria respectivamente de

Mesa Redonda Europea

Os días 16 e 17 de FeVereiro do corrente ano, tivo lugar en París unha Mesa Redonda Europea na que se xuntaron os representantes das Asociações Nacionais e Rexionales seguintes:

Delegacións de Euzkadi (País Basco) composta dos movementos; E. T. A. i-Embata; Estat Catalá; Liga Celta (Confederación dos Países Celtas); Movemento pra a organización da Bretaña; Partido Nacionalista Occità; Partido da Unión Valona; Revista Occità; Volksunie (Flandes).

Asistieron como ouservadores: Bleun Brug (Bretaña); Filibrige (Occitania); Federación de Agrupacións corsas; Kendalch (Bretaña); Movemento pra unha Franza Federal; A Franza Latina; Movemento Federalista Europeo; Esquerdas Europeas.

Os debates demostraron os perigos que supoñen pra os grupos étnicos e os pobos natúraes o xeito tecnográfico como se está construíndo hoxe Europa, e a necesidade de chegar na dita construción a estruturas políticas que se axeiten ás realidades humanas.

Foi estudada a situación dos pobos divididos por unha fronteira, así como tamén a dos pobos dominados por un Estado artificial que se esforza por facer desaparecer a súa personalidade nacional.

A xuntanza tiña como fito establecer un organismo, destinado a defender os dereitos dises pobos, e a reconquistar a súa personalidade política. Pobos que teiman construír, *cada un dentro da súa realidade natural*, e tendo en conta denantes de nada os factores humanos, os nucleos básicos europeos que hoxe chámanse Estado ou Rexións e ós cales ten de reconocerselle o dereito a gobernar seus propios asuntos.

Os participantes acordaron:

"Convencidos de que unha Unión Europea válida haberá de trocar fondamente e sobrepasar as organizacións estáticas decadentes que continúen dividindo a Europa;

"Afirmar súa oposición a un super-estado europeo centralizado que se amostrase tan incapace como os estados atuais de reconocer os dereitos dos pobos, das minorías, das comonidades étnicas das rexións, que son en primeiro termo a realidade viva e non somentes a base dunha federación dos estados atuais;

"Estimando que ista unión dos pobos europeos haberá de ter en conte asegun os acordos internacionais, o dereito de cada un deles a súa autodeterminación ou á xestión dos seus propios asuntos, pola aplicación dun federalismo interno;

"Invitamos os representantes dos devanditos pobos e rexións de Europa a se unir no seu dunha Asamblea dos Pobos e Rexións Europeas;

"Decidindo constituír un Segredariado Permanente e un Grupo de Estudo, co oxeto de unir esforzos e traballar pola reaización distes ideaes".

O "Consello de Galiza" interpretando a xustiza dos ideaes anunciados é nun todo de acordo cos mesmos xa ten dados instrucción o seu delegado en París pra se por en contacto cos organizadores diste movemento e procurar prestarlle a nosa daesión.

Concepción Arenal e de doña Emilia Pardo Bazán.

Por derradeiro falou o Sr. Iglesia Rivadulla, quen ofreceu o homanaxe do Centro Galego, destacando a trascendencia do mensaxe rosalián, de quen trazou unha biografía chea de frocidos con-

PREMIOS E HOMENAXES

Premio "Castelao" O consello de Galiza instituiu fai tres anos iste Premio, consistente en pergameo e medalla d'ouro, coa finalidades espresa de testemuñar públicamente o seu recoñecemento, aos que traballan por Galiza, loitando pola súa liberdade i-a felicidade do povo.

Premiaríase d-iste xeito ás entidades ou persoas que, no ano derradeiro i en calquer lugar do mundo, se ouberan destacado enaltecendo á Patria, eisaltando os seus valores mais auténticos; difundindo a cultura i-o arte de Galiza; espallando a nosa fermosa ligoa e afirmando a personalidade do ser galego.

Foi eisí como no ano 1961 se lle otorgou iste Premio, ao Centro Galego de Bós Aires, en mérito a súa labouira cultural desenrolada nas xornadas galegas, e primordialmente, á súa acción perante o sexquicentenario da independencia arxentina, aitude que tanto contribuiu ó prestixio da coleditividade.

No ano 1962, iste Premio foille concedido ó Banco de Galicia de Montevideo, en recoñecemento da súa mañífica labouira a prol da cultura galega e do enaltecemento da nosa Terra no Uruguay. Niste ano, o Premio CASTELAO se lle adicou a unha importante institución de Galicia, en merecemento da súa destacada labouira a prol do enaltecemento da patria galega; e lle foi entregado con toda solemnidade nun aito cheo de espritoalidade e fondo patriotismo, si ben celebrado na maor intimididade, o día 19 do corrente mes, pol-os nosos enviados especiaes, que reaizaron o viaxe á Terra coa finalidade espresada.

Non damos a coñecer máis detalles, por razóns que xa os amabres lectores se poderán decatarse.

Quedón eisí comprido o pran fai tres anos trazado; e decir, o primeiro en Bós Aires, o segundo en Montevideo i-o terceiro en Galicia.

Compre tamén informar que, tanto a medalla coma o pergameo —iste conforme a un artístico boceto do pintor Marcos d'Abeleda— levan cada un, súa lenda alusiva e patriótica.

Homenaxes Coa finalidade de lembrar a fundación do Consello, levada a cabo pol-o esgrevio Castelao i outros patriotas, na súa de Casa de Galicia de Montevideo, o 17 de novembro de 1962, o ano pasado colocouse unha praca de bronce coa efixie do mestre insiñe e unha patriótica lenda na devandita institución irmán da outra veira do Platan.

Niste aito, ao que asistiu unha delegación do Consello, púxose de relén a fonda emoción, dos galegos do Uruguay, e deu oportunidade para unha manifestación de confraternidade inesquencibel.

Asimesmo, en homenaxe aos Primeiros Xogos Froraes de Galicia, reaizados na Cruña no ano 1851, colocouse unha artística praca de bronce no Centro Galego de Bós Aires o día 27 de Xulio. Dise aito pódese ler unha reseña que publicamos aparte niste mesmo Boletín.

A praca en cuestión, leva unha patriótica lenda adicada a lembrar os Xogos Froraes no seu primeiro centeario.

SUAREZ PICALLO

Internado no sanatorio do Centro Galego, onde foi ouxeto dunha delicada operación na vista, atópase dende fai algún tempo o ben querido irmán membro do "Consello de Galiza" don Ramón Suárez Picallo. Non é mester repetir as moitas mostras de afectuoso agarimo que o irmán Picallo leva recibidos de moitísimos paisanos e amigos, que

XUNTANZA EXTRAORDINARIA DO

CONSELLO DE GALIZA

O día 27 do derradeiro mes de Xuño, tivo lugar no casal do Centro Ourensán, unha xuntanza convocada polo "Consello de Galiza" pra reseñar o labor cumprido no primeiro semestre do corrente ano, e, ademáis, presentar o primeiro número do Boletín Informativo editado polo "Consello", e lembrar o cabodano do Plebiscito do Estatuto de Galiza.

Atopábanse presentes —ademáis de caseque totalidade dos Conselleiros e un calificado e numeroso fato de galeguistas— os mais destacados e coñocidos dirixentes das nosas entidades representativas.

O Conselleiro de Goberno Sr. Alonso Pérez, logo de lles dar a benvida . . . presentes, fixo un resumen das tarefas do "Consello", excepto daquelas que pola súa natureza non poden ser dadas a publicidades, destacando a súa complacencia polo apoio brindado pola coleditividade a reorganización do "Consello" que permitiu superar os naturais oustáculos que nun comenzo se habían presentado. Logo de ser presentado o Boletín Informativo do "Consello", algúns dos presentes fixeron algunhas suxerencias encol do millor xeito de aproveitar o quefacer da coleditividade nunha acción coordinada en procura de lograr que o noso País se ceibe o mais axiña posibre da dictadura falanxista e do centralismo asoballador.

Logo de haber manifestado moitos dos presentes a complacencia pola xuntanza celebrada, suxerindo a comenencia de que teñan lugar mais seguidos. Noutro ámeto do Centro Ourensán, servíuue un refrixerio, perante o que pronunciou un conceituoso descurso o profesor da Universidade Nacional del Sur, e membro do Consello de Galicia, Dr. Alberto Vilanova, o cal descurso versou, naturalmente, en col do aito que se findaba de reaizar e das proieccións que ele debe ter, maixime tendo en conta as boas disposicións que se veñen dando pra elo, en toda a nosa coleditividade, así coma no interior e noutros países, sin esquencer o que se ven reaizando na propia Terra, na que sempre ten un ecoar a voce dos emigrantes.

Niste aito tamen lle foi entregado ao Centro Orensano, na persoa do sea presidente, Don Antón Rodríguez, un álbum xigante de estampas de Castelao: "Galicia Mártir", que o señor Rodríguez agradeceu en nome da entidade.

Asi mesmo finose a presentación, por parte do Consello, da praca na que se lembra o Centenario dos primeiros Xogos Froraes Galegos, praca que o Consello entregou . . . Centro Gallego e que se descubreu, no ámeto desta entidade, o día 27 de Xullo, próximo pasado.

Falouse no desenrrollo da xuntanza da necesidade imperiosa que tenos os galegos de loitar a prol das liberdades públicas na nosa Galicia, denunciando o terror franquista contra os nosos irmans.

están desexando voltar a escoitar as suas emocionadas arengas patrióticas nas que, en cada verba, rezuma un anaco do oseo corazón galego. O "Consello de Galiza" adhíre ó xeral desexo de que seu membro Conselleiro, irmán Suárez Picallo, volte axiña a gozar de plea saúde que lle permita continuar como sempre o seu patriótico apostolado e a nós bríndenos a ledicia da súa grata compañía.